

**EN MAIO ...**

# **ROSALÍA NO ROSALÍA**



**Concerto extraordinario co gallo do 150º  
Aniversario da 1ª Edición de “Cantares  
Gallegos”, de Rosalía de Castro**

Organiza:

**Concellería de Cultura do Excmo. Concello da Coruña**

Colabora:

**Fundación Rosalía de Castro**



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**



Teatro Rosalía Castro  
Domingo, 19 de maio do 2013  
20.00 h.



## VINDEIROS CONCERTOS DA BANDA MUNICIPAL

XUÑO 2013

### CICLO " OS XOVES NO ÁGORA"

6 de xuño - 20.00 h.

#### **A MÚSICA DO CINE**

Director: José Luis Represas

13 de xuño - 20.00 h.

#### **ROMANZAS, DÚOS E COROS DE ZARZUELA**

(Coa colaboración da Coral Polifónica "El Eco")

Soprano: Clara Jelihovschi

Barítono: Pedro M. Tapia

Director: José Luis Represas

20 de xuño - 20.00 h.

#### **DE LUGARES E TRADICIÓN**

Director convidado: J. R. Pascual Vilaplana

27 de xuño - 20.00 h.

#### **PROGRAMA A DETERMINAR**

Director convidado: Bram Skieners



# COLABORACIÓNS

Colabouran neste Concerto Extraordinario os seguintes persoeiros e agrupacións do mundo das artes escénicas e musicáis:

- **ANTÍA ANGUEIRA**, percusionista
- **ANXO ANGUEIRA**, Presidente da Fundación Rosalía de Castro
- **BANDA MUNICIPAL DA CORUÑA**
- **CÁNTIGAS DA TERRA**, coro galego
- **DORES TEMBRÁS**, poeta
- **ELVIRA VARELA**, filla do Secretario das *Irmandades da Fala*
- **ESTÍBALIZ ESPINOSA**, actriz
- **LYDIA BOTANA**, músico
- **LUZ POZO**, escritora
- **MIGUEL LADRÓN DE GUEVARA**, cantante
- **MONCHO DO ORZÁN**, Arquivoiro de Cántigas da Terra
- **ODAIKO**, son e iluminación
- **PEDRO LAMAS**, gaiteiro
- **SITO SEDES**, cantante
- **XURXO SOUTO**, escritor

A todos eles o noso máis sincero agradecemento.

A Organización

# ROSALÍA NO ROSALÍA

No fervedoiro que Galicia é arredor de Rosalía de Castro neste ano en que conmemoramos os cento cincuenta da publicación de *Cantares gallegos* non podía faltar esta referencia, esta marca de maio, esta alegría: non podía faltar de ningún xeito a palabra, a música, a poesía da Coruña.

Para min e para a Fundación que represento é unha honra inmensa poder participar desta xustiza. O pobo destas mesmas rúas que ela pisou, o pobo deste mar que ela cantou, o pobo que honrou a Moore como ela o honrou devólvelle hoxe a Rosalía as pisadas, o canto e maila honra. E devólvellas no seu, no teatro da arte, no espazo escénico que leva o seu nome. *Rosalía no Rosalía*. Afortunada, feliz, luminosa escolla. Volve a Coruña de Rosalía ó Rosalía da Coruña. Como dicía o outro, xa era hora que algunha cousa neste mundo tornase ó seu sitio. Que o encontro dure e se reedite. Que non remate endexamáis.

Anxo Angueira  
Presidente da Fundación Rosalía de Castro

# PROGRAMA

**ALBORADA** - P. Veiga ..... (Pedro Lamas e BMC) (Arr. J.L. Represas)

*SAÚDO DE ANXO ANGUEIRA*

**AIRIÑOS AIRES** - P. Veiga ..... (Miguel Ladrón de Guevara e BMC)  
(Arr. J.L. Represas)

*VERBAS... por LUZ POZO*

**ROSA DE ABRIL** - A. Gaos ..... (Emma Couceiro e BMC)  
(Arr. J.L. Represas)

**EL LOCO SOÑADOR** - P. Romo ..... (Sito Sedes e BMC) (Arr. J.L. Represas)

*VERBAS... por DORES TEMBRÁS*

**A ROSALÍA** - C. Enríquez / L.E. Batallán ..... (Lydia Botana e BMC)  
(Arr. J.L. Represas)

**NEGRA SOMBRA** - X. Montes ..... (Estíbaliz Espinosa e BMC) (Arr. J.L. Represas)

**ALBORADA** - Tradicional ..... (Elvira Bao e Pedro Lamas)

**A LENDA DE MONTELONGO** - B. del Río ..... (Pedro Lamas e BMC)  
(Arr. J.L. Represas)

**MUIÑEIRA XEITOSA** - E. Corral ..... (Gaiteiros de Cántigas da Terra)

*VERBAS... por MONCHO DO ORZÁN*  
*In Memoriam Emilio Corral*

**ALALÁ DO VAL CAMBA** - Tradicional ..... (Cántigas da Terra)

**HIMNO GALEGO** - E. Pondal / P. Veiga ..... (Cántigas da Terra e BMC)  
(Arr. J.L. Represas)

Director de Cántigas da Terra:  
**César Concheiro**

Director da BMC:  
**José Luis Represas**

# HIMNO GALEGO

Texto: **Eduardo Pondal**

Música: **Pascual Veiga**

Qué din os rumorosos  
na costa verdecente  
ao raio transparente  
do prácido luar?  
¿Qué din as altas copas  
de escuro arume arpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido  
e de benignos astros  
confín dos verdes castros  
e valeroso chan,  
non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono  
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden  
e con arroubo atenden  
o noso ronco son,  
mais sóo os iñorantes  
e féridos e duros,  
imbéciles e escuros  
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados  
dos bardos das edades  
que as vosas vagedades  
cumprido fin terán;  
pois, donde quer, xigante  
a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán.